



AVISO

NORMAS E REGULAMENTO

2.6 ADORNOS, LENTES E APARELLOS

a) Os xogadores non deberán utilizar no seu equipamento ningún obxecto que poida ser perigoso para el ou para outro xogador (adornos de calquer clase, xoias, cremalleiras, pendentes, dilatacións, etc...

Os aneis, os pendentes, o coiro ou as gomas non son necesarios para xogar e o único que poden é causar unha lesión.

b) Non está permitido xogar con xoias, nin sequera cubríndoas, por exemplo, cun esparadrapo. Toda xoia é potencialmente perigosa; tapar as xoias e os adornos non constitúe unha protección axeitada.

c) O termo “**perigoso**” pode a veces ser ambiguo ou polémico. Polo tanto, para actuar dunha forma uniforme e consistente, calquera tipo de xoia ou adorno, agás o establecido no **apartado d**, estará totalmente **prohibido** para xogadores e árbitros.

O árbitro non deixará xogar a que non cumpra esta norma.

d) Só se permitirá levar pulseiras que non sexan metálicas ou de coiro duro e que non leven ningún aparello metálico. As pulseiras terán que estar totalmente cubertas (esparadrapo, venda elástica...) durante todo o encontro)

O árbitro poderá levar os aparellos necesarios para exercer a súa labor.

e), O xogador que teña que xogar con lentes ou calquera aparello dental farao **baixo a súa enteira responsabilidade**, tendo que avisar ao árbitro para que reflicta na acta do encontro o seu nome, apelidos e número de licenza. O xogador terá que asinar a acta.